

Convocatoria 25/2019 Valoración da praza 2018-PI055.02

Con data 8 de outubro de 2019 publicáronse as Listas Definitivas da Convocatoria **25/2019** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal,

Visto o escrito de abstención, de data 3 de outubro, presentado pola Investigadora Principal Dna. **María Rosa Mosquera Losada**, da praza de referencia **2018-PI055.02**, titulada “Connecting Thematic Networks as Knowledge Reservoirs: towards a European Agricultural Knowledge Innovation Open Source System (EURAKNOS). *Este proxecto recibiu financiación do programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea no marco do acordo de subvención nº 817863*”, no que manifesta a imposibilidade de actuar neste procedemento por figurar como candidato admitido D. José Javier Santiago Freijanes, co que mantén un vínculo de parentesco por afinidade en primeiro grao.

Tendo en conta que o artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as persoas nas que se dean algunha das circunstancias recollidas no apartado 2 do referido artigo, (entre as que figura o parentesco por afinidade de primeiro grao) deberán absterse de intervir no procedemento.

Esta Reitoría RESOLVE, encomendar a Don Antonio Rigueiro Rodríguez, o informe de valoración das solicitudes da praza de referencia 2018-PI055.02, e, no seu caso, a proposta de adjudicación, ao abeiro do punto 7 da convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á data da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Por delegación do reitor
(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,
Vicente Pérez Muñuzuri
(documento asinado electrónicamente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 08/10/2019 18:12:35.

CSV: 6D5C-C512-4EB4-A853